



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Joaquín Planells, 15007 A Coruña 981241022 jgar@edu.xunta.es
Departamento de Orientación



PROGRAMA DE HABILIDADES DE INTERACCIÓN SOCIAL

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	1
2. APROXIMACIÓN A UN MARCO CONCEPTUAL	2
3. OBXECTIVOS XERAIS	4
4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	5
5. CONTIDOS	6
6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN	8
7. PROCEDEMENTOS PARA A ENSINANZA DAS HABILIDADES SOCIAIS	12
8. FORMATO E SESIÓN DE ENSINANZA	16
9. AVALIACIÓN	17
10. COORDINACIÓN CENTRO-FAMILIA	18
ANEXOS:	
A. CUESTIONARIO DE HABILIDADES DE INTERACCIÓN SOCIAL	19
B. CÓDIGO DE OBSERVACIÓN DA INTERACCIÓN SOCIAL	21
C. EXEMPLO DUNHA FICHA DE TRABALLO	22

1. INTRODUCCIÓN

As habilidades sociais non son capacidades innatas coas que nacemos. A adquisición delas depende da maduración de cada individuo e das súas experiencias de aprendizaxe, e non sempre estas experiencias conducen a conductas que consideramos socialmente adecuadas.

Hoxe dáse a circunstancia que se incide moito máis no proceso instructivo ca no formativo dos alumnos. Aquela máxima que tivo un certo éxito nos seus momentos de "educación na casa, instrucción na escola", podía ter sentido cando a estruturación da familia permitía que se dese esta división do traballo en canto ó proceso educativo dos nenos. Actualmente, o ritmo da sociedade fai que nos desentendamos todos do ensino destes aspectos que son, sen temor a esaxeración, tanto ou máis importantes cós contidos de carácter académico. Se estamos a constatar -e a queixarnos moitas veces- as carencias que ten a educación actual neste sentido, non podemos inhibirnos e pensar que a aprendizaxe das habilidades sociais é algo que lle compete case en exclusiva á familia; máxime cando a situación familiar de moitos dos nosos alumnos non permite unha adecuada formación nelas. Entón debemos cambia-la idea que temos respecto a estes contidos. E chegar á conclusión que a escola debe introducilos sistematicamente nas aulas.

Nos últimos tempos asistimos a un debilitamento moi acusado da instrucción interpersoal. A complexidade da sociedade actual fai que unha mesma persoa teña que adoptar roles moi diferentes en distintos momentos do día. E esta situación creou o que podiamos chama-la cultura do éxito, máis preocupada pola consecución de obxectivos o curto e medio prazo que pola formación integral das persoas. A educación dos nenos esixe moito tempo. E do que carecen hoxe as familias é dese tempo preciso para dedicarlles.

Dende a escola tende a pensarse que as familias non cumpren xeralmente coa súa parte do traballo. E dende a familia, que a escola non asume as súas responsabilidades. Esta é unha concepción errónea por ámbalas dúas partes: tanto a familia coma a escola están inmersas na sociedade, e se o modelo social está a cambiar, o lóxico é que cambien tamén as interrelacións dos seus compoñentes. O resultado é que se deixa case exclusivamente á escola coma a encargada de educar no máis amplo dos sentidos, e que a escola, coma transmisora de valores dominantes na sociedade, focaliza a atención nos aspectos máis relacionados co éxito académico, deixando nun segundo plano, cando se fai, os contidos de comunicación interpersoal.

Así nos encontramos con nenos e nenas que teñen unha axenda repleta de actividades. O tempo de lecer está cheo de cousas... e dito isto coa maior intención posible, porque é un ocio obxectal, baseado na relación con obxectos e non con persoas. Non é de estrañar, pois, as carencias que estamos a constatar en canto á educación das habilidades sociais, a educación emocional, a formación de autoestima e autoconcepto...

Se ben na escola incidimos en conductas socialmente aceptadas, non é menos certo que estes contidos non se sistematizan. Acódese a eles coma o que, no seu día, chamouse "lección ocasional", motivados por feitos puntuais que permiten ó profesorado da-la súa propia versión das conductas

socialmente correctas. O esforzo é plausible, pero as máis das veces non dá os resultados apetecidos. E elo por dúas razóns: por unha banda, os contidos non son sistematizados, polo tanto non existe temporalización, seguimento, avaliación, etc.; por outra, entre o profesorado non hai a mesma idea

sobre cómo afronta-los contidos de habilidades de interacción social, as estratexias a utilizar, a importancia relativa dentro do mesmo currículo...Por elo, faise imprescindible o consenso do profesorado en todos estes aspectos. Se as respostas de dous profesores fronte á mesma conducta son distintas, cando non opostas, fraco servicio lle estaremos dando á educación dos nenos. Non é pretender unanimidade, a diversidade é boa tamén no profesorado, pero si lograr unha unificación de criterios para a consecución dos obxectivos propostos. Os adultos son os modelos nos que se apoian os nenos que educamos. Se estes modelos actúan sen criterios comúns en canto a principios fundamentais, serán sempre referentes confusos. E, aínda que non sería o máis importante, diría moi pouco da nosa capacidade para afronta-los cambios que a sociedade nos esixe.

O programa que presentamos é un resumo adaptado do Programa de Habilidades de Interacción Social, de Inés Monjas. É un magnífico instrumento, claro e sistemático que nos permitirá elabora-los nosos a través das contribucións que se vaian facendo na medida que se aplique nas aulas. A formulación concreta destas propostas pretende ser un referente para a actuación, non un camiño pechado. Neste sentido, o noso plan de intervención irá construíndose pouco a pouco coas críticas, valoracións, melloras... que se poidan facer ó longo do tempo.

O tratamento nas aulas de cada unha das habilidades que compoñen o programa debe ser por forza diferente, dada a distinta idade dos nenos e o seu grao de maduración. O profesorado delimitará, por ciclos, cales serán os contidos principais a desenvolver e as estratexias a seguir en función das características da aula.

Nos anexos se explicita a programación concreta dunha habilidade feita pola autora do programa. Pode servir coma modelo para a formulación da programación de aula.

2. APROXIMACIÓN A UN MARCO CONCEPTUAL

A importancia das habilidades sociais ven avalada por resultados de estudos e investigacións que amosan a existencia de sólidas relacións entre a competencia social na infancia e a adaptación social, académica e psicolóxica tanto na infancia como na idade adulta.

Existe consenso na idea de que as relacións entre iguais na infancia contribúen significativamente o desenvolvemento do adecuado funcionamento interpersoal. Estas relacións cumpren as seguintes funcións:

- a) Coñecemento de si mesmo e dos demais.
- b) Desenvolvemento da reciprocidade, empatía, intercambio no control da relación, colaboración e cooperación, estratexias de negociación e acordos..

- c) Autocontrol e autorregulación da propia conducta.
- d) Apoio emocional.
- e) Desenvolvemento moral e aprendizaxe de valores.

As habilidades sociais adquirense mediante unha combinación do proceso de desenvolvemento e do aprendizaxe a través de distintos mecanismos:

- a) Aprendizaxe por experiencia directa. As conductas están en función das respostas aplicadas polo entorno despois de cada comportamento social.
- b) Aprendizaxe por observación. Aprende pola observación de modelos significativos.
- c) Aprendizaxe instruccional. A través da linguaxe: indicacións, instrucción, explicacións...
- d) Aprendizaxe por feed-back. Explicitación por parte de observadores da conducta obxecto de atención. Este feed-back actúa tamén como reforzador. Unha característica é que nos adultos é moito menos explícito que nos nenos.

É preciso sinalar que as dificultades de interrelación persoal que poidan ter algúns alumnos existen independentemente ou en conxunto con dificultades de tipo cognitivo e/ou emocional, e que teñen repercusión na competencia escolar. Haberá que determinar en cada caso se os problemas son debidos a un deterioro social xeneralizado do entorno ou se trata só dun déficit puntual.

A inhabilidade social na infancia pode explicarse por dous modelos: un que indica que as carencias son debidas a que o neno non atopa conductas e habilidades necesarias para actuar nunha determinada situación, e outro que indica que, anque coñeza as conductas socialmente adaptadas, non as pon na práctica porque factores cognitivos, emocionais ou motóricos interfieren na súa realización. Partindo deste, se establece a diferenza entre déficits e excesos sociais:

- a) Os déficits sociais son patróns de conducta inhibida e silenciosa xeralmente acompañados de patróns de evitación social. Son os nenos/as "ignorados" polo resto da clase. Internalizan as conductas e son eles quen sofren as consecuencias.
- b) Os excesos sociais son patróns de conducta activa e de disrupción explosiva. Son os nenos rexeitados polos compañeiros. Ó contrario que os primeiros, externalizan as conductas e o ambiente sofre as consecuencias.

Como propostas de reflexión, podemos asumi-las seguintes:

- a) O ensino das habilidades sociais é unha competencia da escola xunto coa familia e en coordinación con ela.
- b) É preciso que a escola ensine sistematicamente as habilidades sociais, o que implica que deben formar parte do currículo e do proxecto curricular de centro.
- c) Os alumnos con n.e.e. presentan frecuentemente baixa aceptación polo compañeiros, o que significa que se debe enfatizar estes contidos neles. Así mesmo, os alumnos que teñan

problemas de relación interpersonal precisan dunha atención educativa especial, priorizando os contidos referentes a adaptación persoal sobre os académicos.

- d) É precisa a implicación de todo o profesorado, tanto a nivel de contidos en canto á propia formación sobre a aplicación de estratexias dentro da aula, coma na actitude fronte a unha nova concreción do currículo que non ten carácter académico.

3. OBXECTIVOS XERAIS

A intervención irá encamiñada a unha triple vertente:

1. Dirixida ó alumnado que presente problemas acusados de competencia social.
2. Dirixida ó alumnado con n.e.e. puntuais ou permanentes e que poidan entrar dentro dos grupos de risco por seren máis frecuentemente rexeitados polos compañeiros.
3. Dirixida a tódolos alumnos, e co obxectivo da prevención de conductas que minoricen a competencia social.

En base a esto, os obxectivos xerais da intervención na aula serán:

1. Que o alumnado dispoña dun repertorio de conductas de interacción básica necesarias para relacionarse con outras persoas no contexto social cotián.
2. Que o alumnado inicie, desenvolva e manteña relacións positivas cos seus iguais que lles posibiliten ter amigos e amigas.
3. Que, ó interactuar con outras persoas, inicien, manteñan e finalicen adecuadamente conversas.
4. Que sexan asertivos e expresen as súas emocións, afectos e opinións sendo receptivos coas dos demais.
5. Que solucionen por eles mesmos, de forma constructiva e positiva os problemas interpersoais na súa relación cos demais.
6. Que logren unha interacción social positiva cos adultos do seu entorno.

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Que o alumno sorría e/ou ría ó interactuar con outras persoas nas situacións adecuadas.
2. Que saúde a nenos e adultos de forma adecuada.
3. Que se presente ante outras persoas, responda axeitadamente cando o presenten e faga presentacións doutras persoas.
4. Que pida e faga favores nas situacións adecuadas.
5. Que amose conductas corteses ó interactuar con outros.
6. Que saiba facer eloxios e cumpridos a outras persoas.
7. Que saiba iniciar interaccións de xogo, conversación ou actividades con outros nenos.
8. Que se una ó xogo ou actividade doutros e responda adecuadamente cando outros queren unirse.
9. Que pida e preste axuda nas situacións apropiadas.
10. Que coopere e comparta con outros nenos.
11. Que manteña conversacións con outras persoas.
12. Que sexa quen de termina-las conversacións de forma cortés e cordial.
13. Que sexa quen de unirse á conversación doutros e responda adecuadamente cando outros queren unirse.
14. Que participe en conversacións de grupo.
15. Que en situacións interpersoais exprese de forma adecuada as emocións, sentimentos e afectos.
16. Que sexa quen de responder axeitadamente ás emocións, sentimentos e afectos dos outros.
17. Que saiba defende-los seus dereitos adecuadamente en situacións nas que nos son respectados.
18. Que saiba defende-las súas opinións nas situacións adecuadas.
19. Que chegue a identifica-los problemas de relación que poida ter.

20. Que xere distintas alternativas de solución a conflitos que poida ter con outros nenos.
21. Que en situacións de conflito, teña en conta as consecuencias dos seus actos e as dos demais.
22. Que saiba elixir-la solución máis axeitada entre tódalas posibles alternativas de solución de conflitos.
23. Que poña en práctica a solución elixida e avalíe os resultados.
24. Que amose conductas corteses na relación cos adultos.
25. Que saiba iniciar, manter e finalizar axeitadamente as conversacións con adultos.
26. Que faga peticións e responda ás peticións dos adultos de forma adecuada.
27. Que aprenda a solucionar-los problemas que se lle poidan presentar na relación cos adultos.

5. CONTIDOS

1. Habilidades básicas de interacción social.
 - 1.1. Sorrir e rir.
 - 1.2. Saudar.
 - 1.3. Presentacións.
 - 1.4. Favores.
 - 1.5. Cortesía e amabilidade.
2. Habilidades para facer amigos e amigas.
 - 2.1. Reforzar ós outros.
 - 2.2. Iniciacións sociais.
 - 2.3. Unirse ó xogo con outros.
 - 2.4. Axuda.
 - 2.5. Cooperación.
3. Habilidades conversacionais.

3.1. Habilidades de recepción.

3.1.1. Atención ó interlocutor.

3.1.2. Empatía.

3.1.3. Reforzar ó interlocutor.

3.1.4. Observación da comunicación non verbal do interlocutor.

3.1.5. Solicitar información.

3.2. Habilidades de emisión

3.2.1. Responder ás preguntas que fai o interlocutor.

3.2.2. Expresar opinións, desexos, postura...

3.2.3. Dar información sobre un mesmo.

3.2.4. Dar información adicional sobre o tema.

3.3. Comunicación non verbal.

3.3.1. Mirada e contacto ocular.

3.3.2. Ton de voz.

3.3.3. Distancia de interacción.

3.3.4. Consistencia da comunicación non verbal coa mensaxe.

3.4. Outros aspectos.

3.4.1. Elixir-lo momento e lugar adecuados para conversar.

3.4.2. Tema de conversación.

3.4.3. As quendas de intervención.

3.4.4. Gozar da conversación e sentirse a gusto.

3.5. Iniciar conversacións.

3.6. Manter conversacións.

3.7. Terminar conversacións.

3.8. Unirse á conversación doutros.

3.9. Conversacións de grupo

4. Habilidades relacionadas cos sentimentos, emocións e opinións.
 - 4.1. Autoafirmacións positivas.
 - 4.2. Expresar emocións.
 - 4.3. Recibir emocións.
 - 4.4. Defende-los propios dereitos.
 - 4.5. Defende-las propias opinións.
5. Habilidades de solución de problemas interpersoais.
 - 5.1. Identificar problemas interpersoais.
 - 5.2. Busca de solucións.
 - 5.3. Anticipar consecuencias.
 - 5.4. Elixir unha solución.
 - 5.5. Proba-la solución.
6. Habilidades para relacionarse cos adultos.
 - 6.1. Cortesía co adulto.
 - 6.2. Reforzo ó adulto.
 - 6.3. Conversar co adulto.
 - 6.4. Peticións ó adulto.
 - 6.5. Solucionar problemas con adultos.

6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

1. Compañeiros titores.

Consiste na utilización dos compañeiros como axentes de ensinanza das condutas de interacción social. Ademais de aprende-las condutas reflectidas nos obxectivos, os propios nenos actúan como incitadores, reforzadores, modelos... dos seus compañeiros. Xeralmente se utilizan como titores ós nenos socialmente máis hábiles, a aqueles mellor aceptados polos compañeiros, a

aqueles máis motivados... Loxicamente, estes tiores precisan dun adestramento previo para que executen as funcións encomendadas.

2. Adestramento autoinstruccional.

A linguaxe ten unha función reguladora da conducta. Xa que logo, a verbalización que se fai ó afronta-las tarefas, pode axudar a mellora-la eficiencia. A secuencia da autoinstrucción sería:

1º. O adulto actúa mentres se fala a si mesmo e voz alta e os nenos observan (modelado cognitivo). "Mira o que fago e escoita o que digo".

2º. O neno executa as mesmas conductas do modelo mentres o adulto o instrúe en voz alta. "Agora ti fas mentres eu vou dicindo en voz alta."

3º. O neno executa a tarefa mentres se instrúe en voz alta.

4º. O neno executa a tarefa mentres se instrúe en voz baixa.

5º. O neno executa a tarefa mentres se instrúe de forma encuberta.

As verbalizacións que se utilizan durante o adestramento autoinstruccional solen ser referidas a:

- a) Definición da tarefa ou problema.
- b) Autoinstruccións propiamente ditas que guían a través da tarefa etiquetando verbalmente cada paso conductual.
- c) Autoavaliación.
- d) Autocorrección e afrontamento de erros e reacción diante deles.
- e) Autorreforzo.

É fundamental que o adulto actúe como modelo emitindo automensaxes positivas e fomenta sistematicamente nos nenos as avaliacións positivas, xa que na base de moitas dificultades de competencia social existe unha linguaxe negativa: "non sei facelo", "non me sae...", "vaime rexeitar.."

3. Instrucción verbal.

Aquí pódense aplicar as técnicas sobradamente coñecidas do debate, discusión, asemblea, diálogo, posta en común... Isto non implica que o adulto diga os nenos o que teñen que facer e eles o reciban pasivamente, senón máis ben que os estimule de forma que vaian descubriendo a través do diálogo e o debate cos adultos e cos iguais. Na práctica se mestura co modelado e co role-playing.

4. Modelado.

Baseado na aprendizaxe por observación, consiste en expoñer ós nenos a un ou varios modelos que amosan as conductas que deben aprender. É a presentación de exemplos da correcta

aplicación da habilidade. Os principais modelos no ámbito escolar son os propios alumnos, o profesorado e outros adultos, vídeos, fotografías, debuxos...

Os efectos do modelado se incrementan cando:

- a) O modelo presenta características semellantes ó observador e a súa conducta é reforzada.
- b) A presentación de modelos faise de forma clara, secuenciada sen dificultade, con distintos modelos para a mesma habilidade e con repeticións suficientes.
- c) O observador é similar ó modelo, gústalle e se sinte atraído por el. Non basta a simple observación. Hai que atender, reter e reproducir o comportamento observado.

5. Moldeamento.

A estratexia consiste no reforzamento diferencial de conductas cada vez máis parecidas á conducta final. Se reforzan as aproximacións sucesivas que amosen melloría. Cando se utiliza esta técnica se reforzan inicialmente conductas que teñen algunha, pero pouca, similitude coa conducta final desexada. A medida que aumenta a competencia, se incrementa o grao de esixencia na realización da conducta.

6. Role-playing

O procedemento consiste en que, nunha situación simulada na que o obxectivo vaise poñer en xogo, o neno adopta un papel e practica a conducta desexada imitando as conductas previamente observadas nos modelos. Os nenos desempeñarán a dobre función de actores e observadores.

7. Práctica oportuna.

Consiste en practica-la habilidade que se está a aprender en calquera momento, aproveitando as oportunidades que se presenten para elo. Os adulto deben colaborar reforzando a consecución da habilidade, e se non se pon en práctica, incitando e axudando a que se faga.

8. Reforzamento e realimentación.

É fundamental dicir ou facer algo agradable para o neno despois dunha boa execución. Cando a actuación foi correcta, se reforza e se proporciona información sobre os aspectos que precisa mellorar ó mesmo tempo que se eloxia aqueles que se melloraron. Para que sexa efectivo, hai que ter en conta:

- a) O tipo, cantidade e natureza do reforzo ten que adaptarse ás características do neno individualmente. Hai que coñecer-las súas preferencias.
- b) Nos momentos iniciais se proporciona reforzo inmediato e sempre que se presente a conducta axeitada. Pouco a pouco, a medida que a conducta se instaure, haberá que demora-las recompensas, ou suprimilas si xa está instaurada.
- c) Cando a habilidade a adestrar é complexa, reforzaranse as aproximacións sucesivas ou a consecución de aspectos parciais.

- d) Os eloxios dos iguais son excelentes reforzadores. O profesorado modelará estes eloxios.
- e) É preciso que os nenos aprendan a autorreforzarse, a dicirse algo agradable despois dun éxito. Esta aprendizaxe debe se-lo máis temperá posible.

O realimentación, a retroalimentación que se produce cando se verbaliza a conducta practicada e que debe ir acompañado de indicación e suxestións, na práctica, está intimamente ligado ó reforzamento. Pode ser dispensado polos adultos ou polos compañeiros.

9. Tarefas.

O obxectivo último é que o neno integre no seu repertorio conductual as conductas e habilidades recentemente adquiridas, e que as poña en práctica na "vida real". Para elo, o neno deberá poñer en práctica a habilidade que está a aprender no seu entorno natural: familia, amigos, barrio... de modo que ensaie a conducta adquirida con distintas persoas e en distintas situacións. Nin que dicir ten que a colaboración dos adultos do seu entorno natural é fundamental.

Para poñer en práctica esas tarefas hai que ter en conta:

- a) Deben ser precisas, delimitar claramente con quen, cando e onde vai pór en práctica o aprendido.
- b) Individualizadas e personalizadas.
- c) Deben axustarse ás habilidades do neno, para que, especialmente ó principio, logre o éxito que lle permitirá reforzar esas conductas. Incluso a preparación previa dos adultos do entorno pode ser precisa segundo en que casos.
- d) Deben referirse a comportamentos relevantes para o neno e tamén para as persoas con que sen van a realizar, para que as conductas podan ser reforzadas de forma natural e espontánea.
- e) Deben ser revisadas. O neno informará sobre as dificultades atopadas.

10. Problemas durante o ensino das habilidades sociais.

Poden aparecer alteracións comportamentais entre os alumnos: conductas de inhibición, pasividade, inactividade, conductas disruptivas, hiperactivas, negativismo, desobediencia, rexeitamento a participar, conductas de ansiedade...

A principal forma de incidir sobre estas conductas é a prevención, actuando sobre os antecedentes da conducta; por elo, é tan importante a motivación dos nenos coma o clima que se cree na clase durante as sesións de aprendizaxe de habilidades sociais.

A motivación irá encamiñada á creación de expectativas sobre a importancia do que se vai aprender, da necesidade desa aprendizaxe, do que lles vai servir, do que van facer...

O clima da aula debe procurar ser positivo e divertido, onde se fomente a cooperación, o respecto mutuo, axuda, participación... e onde se minimicen a individualidade, a competitividade e a agresividade. Nestas condicións, é practicamente seguro o éxito na aplicación do programa.

Está claro que se aparecen as condutas non desexadas haberá que arbitrar medidas que as controlen, reduzan ou eliminen. Na medida do posible, aplicarase un programa de modificación de conduta axeitado ó alumno/a que perturbe o desenvolvemento das clases. Non é aconsellable privar ós nenos que presenten condutas disruptivas das sesións de aprendizaxe de habilidades sociais. E elo por varias razóns, entre outras:

- a) As habilidades sociais deben practicarse en tódalas situacións posibles. Na vida real tamén atoparán dificultades para levalas a cabo.
- b) A execución exitosa das habilidades axudará ós alumnos que teñen condutas disruptivas a modifica-lo seu comportamento.
- c) É frecuente que os nenos que presentan estas condutas teñan grande impacto social entre os compañeiros, e os esforzos que fagamos para que a clase aprenda poden ser minimizados se unha figura influínte os rexeita.
- d) Se conseguimos "aliados" nesta tarefa, será máis doado levala adiante.

Loxicamente, en función das características de cada aula e os nenos que a compoñen, o profesorado implementará estratexias de prevención das condutas non desexadas. Se cadra, unhas sesións preparatorias, con comentarios, pequenas instrucións, exemplificacións da vida real e as consecuencias das accións realizadas, etc. Poden axudar a establece-lo axeitado clima motivacional entre os nenos. Non hai un único camiño.

7. PROCEDEMENTO PARA A ENSINANZA DAS HABILIDADES SOCIAIS

En esquema, o procedemento seguirá os pasos seguintes:

1. Presentación verbal da habilidade que se pretende traballar.
2. Instrucción verbal dos pasos condicionais que conforman a habilidade.
3. Demostración de cómo se pon en xogo a habilidade.
4. Provisión de oportunidades de ensaio e práctica supervisadas polo profesorado en situacións artificiais e en situacións espontáneas.
5. Información de cómo se realizou a práctica.
6. Reforzamento pola execución adecuada.

7. Planificación de oportunidades para practicala habilidade en situacións novas e non supervisadas polo profesorado.

Coma unha referencia, desenvolveremos estes apartados:

1. Instrucción verbal, diálogo e discusión.

O profesorado deberá motivar ó alumnado para espertalo seu interese sobre as habilidades que se pretenden conseguir. É preciso que os nenos teñan un coñecemento suficiente das características da habilidade e da conveniencia de utilizala en situacións da vida cotiá. Para elo daráselles previamente una información conceptual, que será a presentación da habilidade e o medio para provocar un diálogo cos alumnos en torno a ela. Isto supón dar resposta ás seguintes preguntas: qué facer, ónde, cándo, por qué, para qué e con quen.

a) Delimitación conceptual.

É dicir, defini-la habilidade e os comportamentos específicos que comprende. Unha breve charla introductoria, preguntas ós nenos para axudarlles a que a definan coas súas propias palabras, exemplos...

b) Importancia da habilidade para o alumnado.

En definitiva, explicar que vantaxes pode ofrecerlle a realización correcta da habilidade. É preciso que cheguen á conclusión que os nenos socialmente hábiles son máis queridos e aceptados polos demais. Tamén se indicarán os inconvenientes de non as poñer en práctica e cales serán as consecuencias. Evidentemente, os exemplos de tipo negativo, coma contraposición á conducta desexada, terán moita menos incidencia. O ensino centrarase máis nos aspectos positivos.

c) Aplicación da habilidade.

O obxectivo é que cheguen a aplica-la habilidade na vida cotiá. Isto supón saber cando, onde e con quen aplicala. É preciso insistir moito nas situacións apropiadas, xa que o importante non é ter un repertorio conductual amplo, senón saber aplicalo no momento preciso, adaptalo á variedade de situacións, persoas, escenarios e momentos. Por eso, o primeiro obxectivo será descubri-la maior variedade de respostas posibles, para seren adaptadas despois ás distintas persoas e situacións.

O profesorado, durante os diálogos e debates, deberá:

- Guiar máis que dicir o que é cada cousa e o que teñen que facer, é dicir, promove-las estratexias de resolución de problemas.
- Contribuír a dar ideas e suxestións, comentar, preguntar, incitar, demandar...
- Orientar e dar pistas, para estimulalos a buscar máis solucións.
- Incitar e guiar para que describan as súas propias ideas, sentimentos e emocións, e tamén ós doutras persoas. Favorece-la aparición da empatía.
- Animar e axudar para que se poñan en práctica as cousas suxeridas.

- Estimular para que avalíen a propia conducta e a dos demais.
- Estimular para que os alumnos prensen as consecuencias dos propios actos.
- Reforza-las respostas correctas, aportando o feedback preciso, corrixindo as respostas erróneas...
- Dar tempo para que os nenos respondan, xa que si nos adiantamos ás súas respostas van chegar á conclusión que sempre alguén ten que pensar por eles.

Como as habilidades sociais son conductas complexas, é preciso que os nenos sexan instruídos en cada un dos compoñentes que conforman unha habilidade concreta. Este coñecemento deberá ser adquirido principalmente a través do diálogo cos alumnos. O profesorado fará unha descrición das conductas específicas que comprenden as habilidades e instruirá ó alumno sobre como poñelas na práctica

Por exemplo, para a ensinanza da habilidade Saudar, a secuencia podería ser esta:

1. Achegarse á outra persoa. Mirarlle á cara e ós ollos. Sorrir.
2. Dicar frases e formas verbais de saúdo.
3. Utilizar xestos e expresións faciais de saúdo: da-la man, bico, aperta..
4. Mostrar mediante expresión verbal e xestual a emoción e sentimento que produce atopar a esa persoa (naturalmente, se é positivo).
5. Dicar fórmulas de iniciación e mantemento se se desexa continua-la interacción, ou de despedida se se quere finalizar.
6. Responder correctamente ó que a outra persoa nos di.

Ou, coma exemplo da habilidade Defende-los propios dereitos:

1. Coñece-los dereitos.
2. Darse conta que na situación non se están respectando os seus dereitos.
3. Comunicar ás outras persoas a desgusto pola situación, expresar unha queixa, unha negativa...buscando momento e lugar apropiado e utilizando expresión verbal correcta.
4. Pedir un cambio de conducta. Facer suxestións ás outras persoas para que respectes os dereitos.
5. Agradecer ós outras o feito de escoitar as nosas queixas e suxestións.

Semella claro que a secuencia de aprendizaxe de cada habilidade ten que ser moito máis sinxela en función da idade dos pequenos. E dentro dos alumnos dun mesmo ciclo, o tratamento terá que ser individual, xa que non todos reaccionan coa mesma madurez.

Para unha correcta aplicación nas aulas, habería que estruturar, por ciclos, o contido de cada unha das habilidades propostas e acordar o nivel de esixencia na competencia delas. As instrucións haberán de ser claras, concretas e precisas; haberá que adaptarse ó nivel lingüístico e evolutivo dos nenos e tamén ó seu nivel de competencia social, xa que alumnos con fortes deficiencias precisarán de máis tempo e instrucións máis precisas que os que recibiran xa un adestramento social na casa.

2. Modelado.

No modelado se amosa ós alumnos como face-la habilidade. O profesor/a e os alumnos/as máis competentes socialmente actúan como modelos.

O profesorado deberá ter moito coidado ó elixi-los modelos, recompensalos pola súa correcta e clara execución e incentivar, incitar e reforzar ós observadores. Será preferible preparar antes as condutas a exemplificar co fin de asegurarse unha correcta execución. Está claro que se facilita que o observador aprenda se se utiliza a un neno ou nena da mesma idade e sexo, con características semellantes, que pon na práctica as condutas con soltura e sabe afrontar-las dificultades que poida atopar con serenidade.

3. Práctica.

É preciso que antes de realizar calquera situación de role-playing se delimite quen intervirá, que fará o neno, cando, onde, como responderán os outros, como dispoñer mobiliario e participantes para facer máis crible a situación... Fundamental que as situacións sexan o máis parecidas posible á realidade. Para practicar a habilidade, os alumnos estarán divididos en subgrupos, con compoñentes de distintas características, aceptados e rexeitados... Unha forma de comeza-la práctica e tamén a entrega de tarxetas exemplo que deben afrontarse coma tarefas.

É necesario que os nenos practiquen coa autoinstrución, primeiro en voa alta, logo e voz baixa e logo de forma encuberta, seguindo a secuencia xa sinalada. Inicialmente é frecuente a aparición de condutas que perturban o desenvolvemento do role-playing, pero tamén é normal que ós poucos ensaios o fagan con naturalidade e espontaneidade. Tamén é posible que haxa nenos que teñan especiais dificultades para traballar en grupo. Neste caso é preciso proporcionar ensinanza e práctica adicionais e complementarias a través dunha supervisión directa e/ou tarefas específicas e personalizadas. A vantaxe do role-playing é que se minimizan os riscos de fracaso.

Unha vez que teñan practicado a dramatización, haberá que motivalos para que utilicen a habilidade nas situacións habituais da vida cotiá. Esta práctica deberá ser inicialmente supervisada polo profesorado, aproveitando as múltiples situacións que o espacio-aula ofrece para elo. Cando estean traballadas a asimiladas, será o momento de pasar á práctica oportuna na vida normal.

4. Feedback e reforzamento.

Nada máis finaliza-la práctica das condutas, o profesor/a e mailos compañeiros, deberán informar dos resultados da mesma. Esta información tamén pode darse durante a execución da dramatización, pero, para evitar distraccións, neste caso só polo profesor/a.

É preciso ter en conta que no proceso de feedback,

- a) A retroalimentación que se dea ó alumno debe ter un matiz positivo, independentemente da execución. Dar pistas sobre como melloralala é a forma máis axeitada.
- b) A información non pode ser global, senón de compoñentes concretos da conducta estudiada.

Do proceso de reforzamento indicamos antes as características máis salientables.

Como a avaliación, o reforzamento e o feedback introducido polo profesor e compañeiros tenden a ser eliminados, é necesario a aprendizaxe da autoavaliación e autorreforzamento, que debe iniciarse simultaneamente co estudio das condutas que se pretende adquirir.

5. Tarefas.

As tarefas se abordarán antes, durante e despois do proceso de adestramento. Serán variables e dependerán das características dos alumnos. Coma exemplo, pódese segui-la secuencia seguinte:

1º. Planificación. Os alumnos e mailo profesor/a planificarán o proceso: ¿qué vou facer?, ¿con quen?, ¿cando e onde?, ¿cómo?. O profesorado deberá supervisar esta planificación para que se axuste a obxectivos concretos.

2º. Realización.

3º. Rexistro. O alumno anotará: ¿qué fixen?, ¿con quen?, ¿cando e onde? ¿qué pasou? ...xunto cunha autoavaliación dos seus resultados.

4º. Comentario. Falará ós compañeiros do que fixo e as súas sensacións. Recibirá o feedback e o reforzamento necesarios.

8. FORMATO E SESIÓNS DE ENSINANZA

O formato pode der individual ou en grupos de composición variable. O individual é aconsellable cando o alumno presente problemas graves de competencia social. O grupo pequeno é máis axeitado cando os nenos teñen deficiencias sensoriais importantes; neste caso, o idóneo sería un grupo formado por un, dous nenos con estas características e dous, tres nenos coa adecuada competencia social que sirvan como modelos. Con grupos grandes, a clase enteira, sería aconsellable que a práctica fose tutelada por máis dun profesor/a, para garantir que os nenos fan as tarefas de forma adecuada. O grupo grande debe dividirse en subgrupos de cinco a dez alumnos non homoxéneos.

As sesións de ensinanza terán esta estrutura secuencial:

1. Revisión e informe das tarefas asignadas na sesión anterior e realizadas entre sesións.

2. Presentación da habilidade a traballar na sesión.
3. Avaliación do nivel de competencia dos alumnos nesa habilidade,
4. Instrucción verbal, diálogo e discusión do profesor e mailos alumnos.
5. Modelado por parte do profesor/a e dos alumnos e alumnas competentes nesa habilidade,
6. Ensaio e práctica.
7. Avaliación da execución e feedback informativo ou correctivo.
8. Reforzo.
9. Recapitulación da sesión.
10. Tarefas para casa.

Está claro que esta estrutura non pode ser levada a cabo en tódolos niveis igual. Con Infantil, será máis aconsellable facer tempos curtos e frecuentes. Cos alumnos do terceiro ciclo, en dúas sesións semanais de 50 minutos.

Os pasos quedarán tamén alterados se na sesión se vai continuar traballando algo que se iniciou na anterior ou se se centra en máis dunha habilidade, coma repaso de sesións anteriores. En todo caso, a estrutura será o máis semellante posible á descrita, tendo en conta estas observacións.

9. AVALIACIÓN

A avaliación supón un proceso continuo que contempla tres fases. A primeira é a de identificación, clasificación e diagnóstico, a segunda é a de planificación de programas de intervención e a terceira a de avaliación dos efectos desa intervención.

a) Avaliación inicial.

Trátase de facer unha análise das relacións interpersoais dos alumnos e de determina-lo nivel actual de habilidades e deficiencias. En suma, é recompilar información sobre a situación de partida.. O resultado desta avaliación é traduci-los problemas en necesidades, é dicir, determinar que teñen que aprende-lo nenos.

b) Avaliación continua.

O propósito é recoller información ó longo do proceso co fin de modificar e reorienta-la actuación se fose preciso. É necesario determinar continuamente os obxectivos específicos para ver se se están a conseguir, e no caso contrario, deseñar actuacións máis eficaces. Se non se xeneralizan

as actuacións dos alumnos a outros contextos, será preciso cambia-las estratexias que se están a seguir na aula.

c) Avaliación final.

Que nos informará sobre o grao de consecución dos obxectivos propostos ó finaliza-lo adestramento.

En suma, a avaliación será individualizada, interactiva, contextualizada e informativa.

Respecto ós procedementos de avaliación, utilizaremos:

a) Nomeamento de iguais.

O procedemento básico consiste en preguntar ós nenos sobre os seus amigos/as preferidos. Pídeselles que elixan e/ou rexeiten un determinado número de compañeiros segundo uns criterios predeterminados. Este procedemento permitirá obter os status de eleccións e rexeites, a preferencia social e o impacto social de cada neno.

b) Puntuación dos iguais.

Consiste en que cada suxeito avalía e puntúa a tódolos compañeiros do seu grupo de acordo con un criterio específico. A cualificación se fará cunha escala de 3 a 7 puntos. Con nenos moi pequenos, pódese utilizar unha valoración con caras (sorridente, normal, anoxada) que van colocando xunto á foto de cada compañeiro/a. Este método é máis fiable, xa que non se producen esqueces e son avaliados tódolos membros do grupo.

Hai que ter en conta que nas idades de referencia hai unha marcada tendencia a aceptar ós compañeiros do mesmo sexo e rexeitar ós de sexo contrario. Por elo, as preguntas serán formuladas coidadosamente e utilizando ambos xéneros.

c) Cuestionario de habilidades de interacción social. (anexo)

d) Código de observación da interacción social. (anexo)

10. COORDINACIÓN CENTRO-FAMILIA

Para obter resultados, a aplicación do programa debe facerse conxuntamente na casa e na escola, xa que nas dúas se utilizan estratexias de intervención semellantes. Cada profesor/a establecerá os modos de coordinación coas familias dos seus alumnos, pero se aconsella seguir unha pauta común:

a) Información periódica por parte do colexio da habilidade que se está a traballar, orientacións sobre a mesma, estratexias... para que tamén na casa se traballe simultaneamente.



- b) Fichas de intercambio casa-escola. Cada profesor/a deseñará a súa en función das propias necesidades. En definitiva, trátase de comparti-la información entre a familia e o colexio para conseguí-los obxectivos propostos, modificar estratexias se é preciso, actuar cos mesmos reforzadores, evitar contradicións, etc..
- c) Tarxetas con tarefas que deben supervisa-los pais.

CUESTIONARIO DE HABILIDADES DE INTERACCIÓN SOCIAL (Monjas, 1992)

Nome: _____ Fecha: _____

6	Soluciono por min mesmo os conflitos que teño cos adultos.	N	CN	BV	CS	S
5	Cando teño un problema, despois de solucionalo, penso se a	N	CN	BV	CS	S
4	Digo a min mesmo/a cousas positivas.	N	CN	BV	CS	S
6	Digo cousas agradables dos adultos.	N	CN	BV	CS	S
4	Defendo e reclamo os meus dereitos ante os demais.	N	CN	BV	CS	S
1	Saúdo de modo axeitado a outras persoas.	N	CN	BV	CS	S
4	Expreso e defendo adecuadamente as miñas opinións.	N	CN	BV	CS	S
5	Se teño un problema con outros nenos/as, elixo a solución máis	N	CN	BV	CS	S
6	Respondo correctamente ás peticións e suxestións dos adultos.	N	CN	BV	CS	S
4	Respondo axeitadamente ás emocións e sentimentos positivos dos	N	CN	BV	CS	S
2	Axudo a outros nenos/as en distintas ocasións	N	CN	BV	CS	S
1	Río con outros cando é oportuno	N	CN	BV	CS	S
6	Cando teño un problema cun adulto, póñome no seu lugar e trato	N	CN	BV	CS	S
2	Pido axuda a outras persoas cando o necesito	N	CN	BV	CS	S
6	Inicio e termino conversacións con adultos.	N	CN	BV	CS	S
3	Respondo adecuadamente cando as persoas queren termina-la	N	CN	BV	CS	S
6	Respondo adecuadamente cando os adultos se dirixen a min de	N	CN	BV	CS	S
2	Digo cousas boas doutros nenos/as.	N	CN	BV	CS	S
4	Respondo adecuadamente as emocións, sentimentos negativos dos	N	CN	BV	CS	S
2	Respondo correctamente cando outro neno/a me pide que faga	N	CN	BV	CS	S
1	Respondo correctamente cando outros me saúdan.	N	CN	BV	CS	S
6	Cando me relaciono con adultos, son cortés e educado/a.	N	CN	BV	CS	S
1	Pido favores a outros cando necesito algo.	N	CN	BV	CS	S
2	Coopero con outros nenos/as en actividades e xogos.	N	CN	BV	CS	S
5	Sorrío ós demais nas situacións adecuadas.	N	CN	BV	CS	S

4	Expreso adecuadamente ós demais os meus sentimentos positivos.	N	CN	BV	CS	S
5	Cando teño un conflito con outros nenos/as, preparo a solución	N	CN	BV	CS	S
6	Fago peticións, queixas, suxestións...cos adultos.	N	CN	BV	CS	S
5	Se teño un problema, penso nas consecuencias do que podo facer	N	CN	BV	CS	S
2	Respondo axeitadamente cando outros me eloxian e fan cumpridos.	N	CN	BV	CS	S
6	Teño conversacións cos adultos.	N	CN	BV	CS	S
3	Escoito o que din os outros, respondo o que preguntan e digo o que	N	CN	BV	CS	S
3	Termino as conversas con outros nenos/as de forma adecuada.	N	CN	BV	CS	S
1	Respondo adecuadamente cando outros nenos se dirixen a min	N	CN	BV	CS	S
2	Xúntome cou outros nenos/as que están a facer algunha actividade	N	CN	BV	CS	S
4	Expreso adecuadamente as miñas emocións negativas.	N	CN	BV	CS	S
3	Respondo adecuadamente cando outros nenos/as queren entrar na	N	CN	BV	CS	S
6	Son sincero/a cando eloxio e loo ó adultos.	N	CN	BV	CS	S
3	Respondo adecuadamente cando outros nenos/as queren iniciar	N	CN	BV	CS	S
5	Cando teño un problema, trato de elixi-la mellor solución.	N	CN	BV	CS	S
1	Me presento ante outras persoas cando é necesario.	N	CN	BV	CS	S
2	Respondo adecuadamente cando outros queren unirse para facer	N	CN	BV	CS	S
1	Fago favores a outros en distintas ocasións.	N	CN	BV	CS	S
3	Únome á conversación que manteñen outros.	N	CN	BV	CS	S
4	Respondo adecuadamente cando outros defenden os seus dereitos.	N	CN	BV	CS	S
4	Expreso desacordo con outros cando é oportuno.	N	CN	BV	CS	S
5	Cando teño un problema con outros nenos/as trato de busca-las	N	CN	BV	CS	S
3	Cando converso, participo activamente.	N	CN	BV	CS	S
5	Identifico os problemas que teño con outros nenos/as.	N	CN	BV	CS	S
5	Ante un problema con outros nenos/as, busco moitas solucións.	N	CN	BV	CS	S
3	Inicio conversacións con outros nenos/as.	N	CN	BV	CS	S
5	Penso nas consecuencias do que fan os demais para solucionar un	N	CN	BV	CS	S
2	Inicio xogos e actividades con outro nenos/as.	N	CN	BV	CS	S
4	Expreso cousas positivas de min mesmo/a ante os demais.	N	CN	BV	CS	S
1	Presente a outras persoas que non se coñecen entre si.	N	CN	BV	CS	S
3	Axústome ás normas da conversación doutros.	N	CN	BV	CS	S
1	Pido as cousas por favor, dou as grazas, descúlpome... con outros	N	CN	BV	CS	S
3	En conversacións de grupo, interveño cando é necesario e de forma	N	CN	BV	CS	S

N Nunca

CN Case nunca

BV Bastantes veces

CS Case sempre

S Sempre

Puntuación	1	2	3	4	5	6
P.D.						
P.T.						
Percentil						

CÓDIGO DE OBSERVACIÓN DA INTERACCIÓN SOCIAL

A. Categoría no-interactivas.

1. Permanece so/soa en inactividade.
2. Permanece so/soa en actividade.
3. Permanece como espectador/a.

B. Categorías interactivas.

Tipo de interacción.

1. Interacción cooperativa.
2. Interacción social positiva.
3. Interacción agresiva.
4. Interacción social negativa.

Modalidade de interacción.

1. Iniciación.
2. Resposta.

Con quen se produce a interacción.

1. Con neno/a individualmente.
2. Con nenos en grupo.
3. Con adultos.



Modo de interacción.

1. Verbal.
2. Física.
3. Mixta.

EXEMPLO DUNHA FICHA DE TRABALLO

HABILIDADE: CORTESÍA E AMABILIDADE

OBXECTIVO: Que o alumnado amose conductas de cortesía e amabilidade cando se relaciona con outras persoas.

1. Instrucción verbal, diálogo e discusión.

1.1. Información conceptual.

a) Delimitación e especificación da habilidade.

As habilidades de cortesía son un conxunto de conductas moi diversas que as persoas utilizamos, ou debemos utilizar, cando nos relacionamos con outras persoas co fin de que a nosa relación sexa cordial, agradable e amable.

¿ Quen pode poñer un exemplo do que significa ser cortés e amable? Se os nenos non responden, o profesor/a pon exemplos de conductas amables e non amables que identifiquen o concepto.

¿ Se á hora de saír ó recreo, un neno tropeza cunha profesora e lle di que o sinte, que foi sen querer, ¿eso é ser educado e amable?: se lle prestas un libro a un compañeiro e cando cho devolve non di nada, ¿eso é ser cortés?

Delimitaranse algunhas das habilidades de cortesía e boa ecuación coma:

- Da-las gracias cando alguén nos abre a porta, nos deixa pasar, nos axuda a algo ou nos di algo amable.
- Pedir perdón, desculpas, escusarse cando imos molestar a outra persoa.
- Dicar por favor cando pides algo.
- Pedir permiso cando vas interromper, coller algo que non é teu, entrar nun despacho, oficina...

b) Importancia e relevancia para o alumnado.

É moi importante sermos corteses e educados porque eso fai que sexamos máis agradables e nos queiran máis.

¿ Que pasa se ti es cortés e educado cando atopas ós veciños pola escaleira? Cando pides as cousas por favor, e da-las gracias, ¿ como cres que se senten as persoas ¿, ¿ como reaccionan ?, ¿ que fan?

c) Aplicación.

Unha vez definido o concepto e que os alumnos saiban que conductas deben amosar para seren educados, se comentará con eles situacións, momentos e persoas coas que é conveniente, necesario ou imprescindible ser amable.

¿ Quen de vos usa esas palabras e conductas sempre ?, ¿ quen non o fai ?, ¿ por que ?, ¿ con que persoas convén ser cortés e educado ?. ¿ Con quen é máis importante ser amable: co profesor/a, cos compañeiros?, ¿ Gústavos que vos dean as gracias cando facedes algo por algún compañeiro , ¿ que pasa se alguén vos pide algo de mala maneira e non vos da as gracias ?...

¿ En que situacións se di "gracias" e " por favor" ? ¿ Cando é adecuado desculparse ?, ¿ quen pode poñer exemplos ?

1.2. Compoñentes e pasos conductuais da habilidade.

Para comportarse con cortesía e amabilidade hai que:

1º. Mirar para a outra persoa.

2º. Dicar unha expresión verbal adecuada ó caso: *gracias, por favor, desculpe, perdón...*

3º. Acompaña-la expresión verbal con xestos e expresión non verbal apropiada: sorriso, xestos de mans, ton de voz, postura, distancia coa outra persoa, etc.

2. Modelado.

Se pide ós alumnos/as que miren o que vai face-lo profesor/a, e escoiten o que vai dicir. Exemplifica, xunto con outro profesor/a situacións nas que se usa unha conducta amable e cortés.

" Estou no autobús e chego á miña parada, pero para saír do asento teño que pedir permiso a un señor que está sentado a carón: o miro e lle digo: *Perdoe, teño que baixarme nesta parada;* o señor se levanta e me deixa pasar: o miro e lle digo: *¡gracias!*; el me responde: *¡de nada!*."

Os alumnos tamén poden exemplificar distintas situacións nas que se dramaticen conductas verbais e non verbais de cortesía e boa educación.

Exemplos para o modelado:

- Estás no patio e xogando chocas sen querer contra outro rapaz. Queres pedir desculpas.
- Necesitas unha pintura que non tes nese momento. Tes que pedila.
- Cando estás na fila, involuntariamente pisas a un profesor. Queres pedir desculpas.
- Axúdante a coloca-la mesa un lugar máis adecuado. Queres agradecerlo.

- Entrar no autobús e a parte de diante está chea de xente; atrás case baleiro. Queres pasar atrás.

3. Práctica.

Profesorado e alumnado crean distintas situacións nas que convén ser cordial ó relacionarse con outras persoas. Sempre que sexa posible, dramatízanse casos presentados polos nenos.

O profesor supervisa e da retroalimentación ós alumnos; dálles pistas e propón novas situacións.

Despois da práctica, se comentan os aspectos máis relevantes. Entre todos se sacan conclusións e una síntese para ser recordada posteriormente.

Aproveítanse, despois dos "ensaios" calquera momento do día e calquera situación que se presente na xornada escolar.

4. Feedback e reforzo.

Durante a práctica, se é posible e adecuado, e ó finalizar, o profesor/a fai eloxios dos alumnos por seren amables e corteses, ó mesmo tempo que lles informa sobre aspectos concretos e específicos da súa actuación no role-playing. Os compañeiros aportarán tamén retroalimentación e reforzo.

5. Tarefas.

Despois de obter as conclusións, se encomendan tarefas para que practiquen as habilidades de cortesía fora do momento do ensino destas condutas. Serán tarefas xerais coma pedi-las cousas por favor ou da-las grazas. Cada alumno/a concretará estas tarefas na súa realidade.

Coma exemplos:

- Observar a outras persoas e elaborar unha lista de frases e expresións amables que utilizaron.
- Pedi-las cousas por favor e clase.
- Desculparse, escusarse e pedir permiso ós profesores en situacións adecuadas.
- Observar ós compañeiros de clase e anotar cando utilizaron condutas de cortesía, para recordarlles posteriormente que fixeron, como e cando.